



Título: *La pasión según Eva*
Autor: Abel Posse
Editorial: Planeta, Barcelona, 1995
Colección: Colección Autores Españoles e Hispanoamericanos
Núm. pp.: 355
Tamaño: 13 x 21 cm

Case simultaneamente acaban de aparecer dúas novelas sobre a figura de Eva Perón. A primeira é *La pasión según Eva*, da que é autor o novelista arxentino Abel Posse. Da súa xa dilatada traxectoria como narrador quizais *Los perros del Paraíso* (1983), Premio Rómulo Gallegos, é un dos títulos máis significativos. A segunda é *Santa Evita* (Ed. Seix-Barral, 1995), do tamén arxentino Tomás Eloy Martínez, narrador e profesor universitario en Estados Unidos. Da súa autoría temos así mesmo *La novela de Perón* (1985), sobre a debatida e polémica figura do que fora presidente da Arxentina e inspirador da doutrina coñecida como peronismo.

La pasión según Eva constitúe, en síntese, un novo achegamento analítico, unha interpretación en profundidade da figura de Eva Duarte (logo Eva Duarte de Perón), sobre a que políticos, historiadores e literatos teñen escrito milleiros de páxinas sen por iso esgota-la múltiple e polifacética personalidade: muller que acadou un inmenso poder, moza rebelde que loitou contra o

machismo do home arxentino, nena de familia humilde e filla bastarda dun pai que se negou a recoñecela; tamén, actriz fracasada que nun momento dado experimentou unha radical paixón pola acción social e a loita política.

Abel Posse centra a historia na protagonista, e no seu beneficio sacrifica argumento, linguaxe e construción da narración. Estamos diante dunha novela histórica que aínda amosa unha bibliografía sobre a súa temática nas páxinas finais. O novelista ergue aquí unha obra coral, perspectivística, na que falan moitas e moi contrarias voces. A materia narrativa carece dun argumento liñal; ben pola contra, distribúese en pequenos fragmentos sometidos a numerosas reiteracións, froito do constante xogo de puntos de vista. A propia Eva Perón, o seu secretario e o confesor, actrices que foron amigas dela, xornalistas, Perón mesmo, políticos e militares antiperonistas ofrecen a súa versión sobre un escolleito feixe de sucesos, personaxes e diversos intrínsicos que tiveron o seu eixe en Evita.

O pequeno e miserento pobo de Los Toldos, Junín e logo Bos Aires son escenarios fundamentais. Abel Posse recrea o ambiente da capital arxentina, que xorde como unha cosmópolis chea de atractivo: alegre, rica, ategada de vida nocturna, patria do tango; pero tamén baixo a ameaza da teima golpista dos militares e das protestas da aristocracia e a oligarquía contra o nacente peronismo. Hai igualmente outras xeografías-Madrid, Roma, París-polas que discorreron os pasos de Eva cando estaba no cume da súa fama e do seu poder político.

O retrato que deste personaxe histórico ofrece o novelista non é parcial nin moito menos unilateral. Posúe luces e sombras. Atopamos, mesturadas, a actriz e a muller, a fanática da acción social a prol do pobo e a loitadora política en defensa do seu idolatrado Perón, sempre desconfiada do sector do exército e, sobre todo, inimiga a morte da oligarquía "vendepatrias" e da aristocracia acomodada e culta que Eva consideraba unha morea de parásitos perxudiciais para o país; un sector social elitista que a aldraxaba pola súa humilde condición, que sempre a fixo culpable de tódolos males e non se recatou de amosarlle desprecio e rexeitamento.

A paixón levada ó límite (entre o misticismo e o fanatismo) foi a lei de vida de Eva Perón. No retrato que o escritor fai dela, reflétese a súa vaidade, o xenio vivo e o odio ós ricos, as pequenas mesquindades que a dominaban, a súa falta de formación e o exceso de

voluntarismo, de intensidade emotiva. Asistimos así ó trazado dun perfil que contén non pouco de misterio e ambigüidade, de contradicción e íntima angustia. A dimensión máis trágica é, sen dúbida, a enfermidade, que a levou á morte a idade temperá e contribuíu a mitificar-la súa figura. A través de numerosas retrospectivas o novelista, centrado no último ano da vida de Eva, lévanos a anteriores etapas da súa existencia, pero a dislocación da temporalidade, froito da selección feita polo escritor, non é obstáculo técnico que dificulte a lectura da novela.

Polo demais, esta obra de Abel Posse non deixa de amosar-las amplas e moi diversas posibilidades da novela como xénero. Neste caso, o discurso narrativo constrúese pola combinatoria de testemuños escritos, diálogos, breves monólogos e narracións curtas. Por veces non estamos lonxe do texto histórico, da crónica ou aínda do informe. Pero é indubidable a eficacia última do conxunto no achegamento á figura dunha muller apaixonada que, sen ser feminista, loitou pola muller e, sen ideario de ser, tivo un papel activo e protagónico nas esferas superiores do poder político e da vida social do seu país. A súa tarefa tivo moito de apostolado populista, de misión evanxélica en termos de axuda, igualdade e defensa dos necesitados. Santa para millóns de seguidores, Eva Perón tivo inimigos irreconciliables. Nin sequera cando xa foi mito conseguiu destes o perdón ou o esquecemento. *La pasión según Eva* é certamente unha novela atractiva, interesante e chea de suxestións.